



**TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**

**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**

**Materia: Técnica da conservación activa dos bens  
arqueolóxicos II**

**Departamento: Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos**

**Obrigatoria da  
especialidade**

**Curso: 3º arqueoloxía**

**Cuadrimestral**

**3 ECTS**

**Teórica**

**Profesor: Fernando Carrera  
fcarrera@edu.xunta.es**

**Horario: 2 horas semanais**

**DESCRICIÓN DA MATERIA**

Estudo das alteracións para establecer diagnósticos e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención aplicables. Metodoloxía e técnicas específicas de conservación e restauración.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas do seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X4	Determinar os exames ou análises precisos para avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de conservación máis axeitado.



X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA</b>	
EA1	Diagnosticar as alteracións dos bens arqueolóxicos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA</b>	
Coñecer os tipos de bens arqueolóxicos e os seus procesos e axentes de alteración específicos	
Acadar a capacidade para diagnosticar o estado dos bens arqueolóxicos	
Acadar a capacidade para deseñar proxectos de conservación activa	

<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>		
<b>Unidade</b>	<b>Subtemas</b>	<b>% no total da materia</b>
0. Repaso	Análise de coñecementos previos (competencias das materias do Departamento de Principios de CR)	0%
1. Introducción	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Metodoloxía de traballo en conservación restauración</li> <li>2. Diagnose:               <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Caracterización dos materiais, propiedades</li> <li>2. Caracterización dos axentes</li> <li>3. Diagnose</li> </ol> </li> <li>3. Deseño dos tratamentos e propostas: limpeza, estabilización, consolidación, reintegración</li> </ol>	10 %
2. Degradación dos materiais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Degradación de pedra</li> <li>2. Degradación de pintura mural e mosaico</li> <li>3. Degradación de adobe e materiais de terra</li> <li>4. Degradacións dos inmobles arqueolóxicos</li> </ol>	30%



3. Tratamentos curativos de conservación restauración	<p>1. Limpeza: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico</p> <p>2. Estabilización e desalgación: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico</p> <p>3. Consolidación e adhesión: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico</p> <p>4. Reintegración: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico</p>	40%
4. Xacementos arqueolóxicos	<p>1. Características dos bens arqueolóxicos de natureza inmoble</p> <p>2. Degradación de estruturas arqueolóxicas. Diagnose.</p> <p>3. Proxectos de conservación-restauración para inmobles: metodoloxía e fases de traballo</p> <p>4. Intervencións activas sobre elementos inmobles /xacementos</p>	20%

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	20		20
Estudo autónomo		10	10
Traballos tutelados	4	23	27
Lecturas e debates, prácticas e estudos de casos	12	6	18
<b>Total</b>	<b>36</b>	<b>39</b>	<b>75</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor das bases teóricas da materia
Estudo e/ou aprendizaxe autónomo	Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor - plataforma Moodle-, bibliografía, etc.)
Estudos de caso, prácticas, debates, outras actividades	Charlas e debates, a partires da lectura e comentario crítico de artigos científicos sobre os contidos da materia; exercicios de reflexión, de forma individual ou cooperativa, oral ou escrita; prácticas; exercicios realizados a través das TIC



<b>SISTEMAS DE AVALIACIÓN</b>		
<b>Método</b>	<b>Criterios</b>	<b>% avaliación</b>
Lecturas e estudos de casos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación dos coñecementos adquiridos</li> <li>• Capacidade de análise crítico</li> <li>• Adquisición competencias teóricas</li> <li>• Os criterios de cualificación quedarán expresados en rúbricas dispoñibles na plataforma docente</li> </ul>	40%
Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asistencia a clase, participación activa en debates e prácticas propostas, asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos</li> </ul>	10%
Cuestionarios, probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas que valoran a asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos</li> </ul>	50%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>
<p><b>OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A asistencia é obrigatoria. A cualificación do apartado “observación sistemática” basearase nos seguintes principios: <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 5% asistencia. A non asistencia a 6 ou máis clases suporá unha cualificación de 0; entre 4 e 6, 0,5.</li> <li>◦ 5% continuidade, que avaliará a presentación en tempo e forma os exercicios propostos. A presentación tardía de máis de 4 traballos suporá unha cualificación de 0, entre 3 e 5, 0,5.</li> <li>◦ A cualificación de 0 nalgún destes dous epígrafes suporá a inmediata presentación a unha proba escrita en convocatoria ordinaria.</li> </ul> </li> <li>• Avaliarase de forma continua e permanente o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, as lecturas, exercicios e traballos entregados no tempo estipulado.</li> <li>• A cualificación poderá ser: <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Non presentado: cando non se presenten a totalidade dos traballos ou probas establecidas ó longo do curso.</li> <li>◦ Suspenso: cando, presentados todos os traballos e probas, a cualificación obtida non supere o 4,9.</li> <li>◦ Aprobado (coa cualificación correspondente) cando, presentados todos os traballos, a cualificación obtida supere o 4,9.</li> </ul> </li> </ul>		



• Nos casos de cualificacións “non presentado” ó “suspenso”, na convocatoria ordinaria, propóranse as tarefas que permitan a recuperación parcial/total segundo as partes non superadas, que incluirán:

◦ Unha proba escrita de valor 70% do total da cualificación final. Para a presentación á proba será necesario ter presentado o traballo de materia e resto de prácticas.

◦ Presentación e avaliación do resto de actividades propostas ó longo do curso (30%).

• O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria o alumnado terá que realizar unha proba escrita de valor 90% sobre a cualificación.

• Dita convocatoria conterà outros elementos de avaliación, por valor 10%, correspondentes ós traballos presentados na convocatoria ordinaria.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes poderán ofrecerse no despacho do profesor (3.2) ou mediante correo electrónico.

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Berdoucou, M. Cl. (Coord.) (1990). La conservation en archéologie. Masson, Paris.
- Black, J. (comp.) (1987). Recents advances in the conservation and analysis of artefacts. Summer School Press, University of London, London.
- Cronyn, J.M. (1990). The elements of archaeological conservation. Routledge, London.
- Delcroix, G.; Tortel, C. (1973). Contribution a l`élaboration d`une méthodologie de la sauvegarde des Biens Culturels. Imprimerie CNRS, Paris.
- Dowman, E.D. (1970). Conservation in field archaeology. Methuen and Co., LTD, London.
- Fenández. C., Castro, L. y Pérez. F. (eds.)(1993). Arqueología y Conservación. Concello de Xinzo de Limia, Ourense.
- Kühn, H. (1986). Conservation and restoration of works of art and antiquities. Vol. 1. Butterworths, London.
- Laborde Marqueze, A. (1986). Conservación y restauración en yacimientos prehistóricos. Cahier Noir (monografic), Centro de Recerques paleo-eco-socials, Girona.
- Meyer, N. y Relier, C. (eds.)(1988). Conservation des sites et du mobilier archéologiques. Principes et méthodes. Études et documents sur le patrimoine culturel, 15. Unesco, Paris
- Pearson, C. (1988). Conservation of marine archaeological objets. Butterworths, London.
- Roy, A. & Smith, P. (eds)(1996). Archaeological Conservation and its consequences. Preprints of the IIC Copenhagen Congress, 1996. London (2



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ESCOLA SUPERIOR  
DE CONSERVACION  
E RESTAURACION  
DE BENS CULTURAIS  
DE GALICIA

Rúa Xeneral Martitegui s/n  
36002 Pontevedra. Tlf: 886159735  
escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es  
<http://escolaconservacion.gal>

- artigos
- Stanley Price, N. (1984). La conservación en excavaciones arqueológicas.
- ICCROM. Ministerio de Cultura, Madrid.
- VV.AA. (1985) "Restauración", número monográfico de Revista de arqueología.
- Zugarto Ediciones, Madrid.